

Unidade 3. Organizámonos para convivir

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

1. Sinala se son verdadeiras *V* ou falsas *F* as seguintes frases. Despois explica que é a democracia.

- España sempre viviu en democracia.
- A democracia é unha forma de organización política na que os gobernantes son elixidos ao azar.
- A democracia contribúe a que haxa máis liberdade e xustiza.
- A democracia favoreceu a desigualdade de dereitos entre homes e mulleres.
- As mulleres en España conseguiron o dereito a votar no ano 1931.

2. Responde as seguintes preguntas.

- Que é o Concello? Quen o compón e como son elixidos?

- Onde se celebra o pleno municipal? Para que serve?

- Por que cres que son importantes as persoas que compoñen o Concello?
